



**NIGRÁN, O SEGUNDO CONCELLO DE GALICIA QUE MÁIS ACTIVIDADES ORGANIZA NO MARCO DO IV PROGRAMA "CULTURA NO CAMIÑO"**

**En total, realizaranse nove espectáculos de teatro, circo, maxia e contacontos repartidos por distintas parroquias do municipio**

**As actuacións, cuxo coste ascende a 4.953 euros, están financiadas ao 50% entre o Concello e o Agadic e a Axencia Turismo de Galicia**

**Nigrán, 13/04/2016.-** Nigrán é o segundo Concello de Galicia, despois de Ribas de Sil (Lugo), e o primeiro da provincia de Pontevedra que máis actividades organiza no marco da cuarta edición do programa "Camiño na Cultura", promovido pola Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) e Turismo de Galicia co patrocinio de Gadis para a dinamización cultural das poboacións polas que discorren as rutas xacobeas.

En total, realizaranse nove propostas de teatro, circo, maxia e contacontos que terán lugar durante os meses de xullo e agosto en diversos puntos do municipio. "Estas actividades son un preludio do que será o verán en Nigrán", sinalou Juan González, alcalde de Nigrán. "Estamos a definir unha completa programación dirixida a todos os públicos que achegará distintas alternativas de ocio e cultura a todas as parroquias ao longo da época estival", precisou.

Os venres e domingos de xullo e agosto, en Praia América, Panxón, o Estuario da Foz e a Alameda de San Campio, en A Ramallosa, sucederanse as actuacións de Padre Merino, coa obra A.M.E.N; o clown Peter Punk, con Peor Imposible, humorista que vén de aterrizar do campo de refuxiados de Idomeni (Grecia), ofrecendo "risas contra muros"; Barafunda, coa representación infantil Pepiña Maruxiña quere voar; o Mago Teto e o seu espectáculo de maxia Novas tolemaxias; a compañía BocAberta, que ofrecerán a obra Carmiña Miudiña;



Pedro Brandariz e os seus Contos e outras andrómenas; Tarabelos coa produción Sabela e o paxaro máxico; Caxoto Contacontos e Que morro!!! (A min tampouco me contaban contos) e, por último, Alberte Montes, que presentará Galego pode selo calquera.

O financiamento destas propostas, cuxo coste ascende a 4.953 euros, realizarase de xeito compartido entre o Concello de Nigrán e a Xunta de Galicia. Así, o municipio aportará 2.476,50 euros e o 50% restante estará subvencionado pola Agadic, a Axencia de Turismo de Galicia e o Gadis.

O obxectivo do programa "Cultura no Camiño" é impulsar a actividade cultural dos municipios polos que pasan os diferentes Camiños de Santiago. En Nigrán transcorre o Camiño Portugués pola Costa e ademais é o único Concello do Val Miñor no que se pode selar a compostela oficialmente, concretamente, no Pazo de Pías de A Ramallosa.